

## **REGULAMENTO DA COMISIÓN DE PROXECTOS DA ÁREA DE ENXEÑARÍA QUÍMICA**

*(Aprobado na Comisión do 4/12/2012)*

*(Aprobado na Xunta de Escola do 20/12/2012)*

### *Artigo 1.- Composición da Comisión de Proxectos*

A Comisión de Proxectos de Enxeñaría Química (en adiante Comisión de Proxectos) estará composta por alomenos por cinco Profesores da área de Enxeñaría Química.

### *Artigo 2.- Eleccións dos membros da Comisión de Proxectos*

Os membros da Comisión serán nomeados pola Xunta de Escola a proposta do Consello de Departamento de Enxeñaría Química.

### *Artigo 3.- Ceses e novos nomeamentos*

Os membros da Comisión exercerán as súas funcións durante catro anos a partir da constitución da Comisión, podendo cesar a petición propia antes de tempo.

Cando se produza un cese, ben a petición propia ou por renovación da Comisión, deberá elixirse o antes posible un substituto por parte do Consello de Departamento de Enxeñaría Química.

### *Artigo 3.- Nomeamento de Secretario/a*

Na primeira reunión constitutiva, a Comisión de Proxectos nomeará ao Secretario/o de entre os seus profesores/as.

### *Artigo 4.- Funcións*

A Comisión de Proxectos será a encargada de velar polo cumprimento da normativa desenvolvida no regulamento de Proxectos Fin de Carreira (PFC) e Traballos Fin de Grao (TFG) e, aprobar as propostas, propoñer os tribunais e autorizar a defensa dos PFC e TFG.

### *Artigo 5.- Convocatoria*

- a) O secretario/a da Comisión de Proxectos, por orde do presidente, deberá realizar a convocatoria cun mínimo de 48 horas de antelación.
- b) Enviará por correo electrónico os puntos da orde do día da convocatoria á secretaría de dirección, xunto coa documentación que puidera estar relacionada con eles (se non é posible por correo electrónico en papel), para que esta remita a convocatoria e documentación a todos os membros do órgano.
- c) A secretaría de dirección encargárase de arquivar electrónicamente na carpeta aberta ao efecto as convocatorias da comisión, xunto coa documentación de habela.

### *Artigo 6.- Reunións*

A Comisión de Proxectos constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia do/a Presidente/a, Secretario/a e da metade dos membros restantes ou en segunda convocatoria, que se celebrará 30 minutos despois, debendo asistir o 25% dos seus componentes.

#### *Artigo 7.- Actas*

- a) Unha vez celebradas as reunións o/a secretario/a da Comisión de Proxectos elaborará a acta do tratado na reunión. Esta acta acompañada dos anexos, se os houbera, se remitirán por correo electrónico á secretaría de dirección.
- b) A secretaría de dirección arquivará electrónicamente nunha carpeta específica todas as actas e documentación.

#### *Artigo 8.- Procedemento de urxencia*

Os temas urxentes que requiran unha resposta formal por parte da Comisión de Proxectos someteranse á opinión dos membros da Comisión de Proxectos vía correo electrónico e consideraranse aprobados no caso de existir unanimidade ao respecto. Normalmente este procedemento se aplicará a asuntos considerados de trámite ou dunha entidade que non faga procedente, a criterio do secretario, convocar unha reunión presencial da Comisión de Proxectos.

Os acordos tomados por este procedemento deberán ser informados na seguinte reunión presencial da Comisión de Proxectos, nun punto expreso adicado a este tema na orde do día.